

ABAU 2022
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ECONOMÍA DA EMPRESA
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 15 de xullo de 2022 ás 10:00 horas, acordou aplicar, ademáis dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na páxina web da CIUG, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nos apartados das preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1,25 ptos. cada apartado), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademáis, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplícaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

PREGUNTA 1

- 1.1.- Se só explica unha estratexia (0,75 ptos). Se só pon un exemplo (0,5 ptos)
- 1.2.- Explicación do canal de distribución (0,75 ptos.). Por cada tipo de intermediario (0,25 ptos)
- 1.3.- Definición de organigrama (0,75 ptos). Por cada función identificada (0,25 ptos)
- 1.4.- Definición financiación propia (0,75 ptos). Cada tipo de recurso identificado (0,25 ptos).

PREGUNTA 2

- 2.1.- Explicación aproximada do empresario segundo Galbraith (0,75). Se só pon un exemplo (0,5 ptos.)
- 2.2.- Se só explica un factor (0,75 ptos.) Se só nombra os dous factores (0,5 puntos).
- 2.3. Se só explica un factor (0,75 ptos.) Se só nombra os dous factores (0,5 puntos)
- 2.4.- Definición de investigación de mercados (0,75 ptos). Mención das súas fases (0,5 ptos).

PREGUNTA 3

- 3.1. Definición de acción (0,75 pts). Tipo de dereitos que lle confire ao seu posuidor (0,5 pts).
- 3.2. Se só define feito imponible ou base imponible (0,75 pto). Se só pon un exemplo para identificar os dous elementos no imposto de sociedades (0,5 pts.)
- 3.3. Explicación dun tipo de mercado (0,75 pts). Se só pon un exemplo para explicar a diferenza entre os dous tipos de mercado (0,5 pts).
- 3.4. Explicación dunha das funcións de dirección (0,75 pts). Se só pon un exemplo para explicar a diferenza entre as dúas funcións de dirección (0,5 pts)

PREGUNTA 4

- a.- Plantexamento correcto da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,5 pts (0,25 pts. por cada proxecto). Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,5 pts. (0,25 pts por cada proxecto).
- b.- Polo cálculo correcto de cada prazo de recuperación: 0,5 pts
- c.- Comentario razonado e coherente cos resultados: 0,5 pts.

PREGUNTA 5

- a.- Cálculo correcto dos resultados de explotación: 0,75 pts, (por cada ingreso ou gasto incorrectamente clasificado como de explotación: -0,5 pts); explicación do seu significado: 0,25pts.
- b.- Determinación dos resultados financeiros: 0,75 pts. (por cada ingreso ou gasto financeiro clasificado incorrectamente: -0,5 pts); explicación do seu significado 0,25 pts.
- c.- Identificación do imposto (0,25 pts). Cálculo correcto dos beneficios despois de impostos: 0,25 pts.

PREGUNTA 6

- a.- Plantexamento correcto da expresión que permite aplicar o método do precio medio ponderado: 0,5 pts. Aplicación correcta do método (0,5 pts.).
- b.- Este apartado non admite calificacións intermedias, salvo as resultantes de aplicar as correspondentes penalizacións por erros de cálculo.
- c.- Comentario razonado e coherente cos resultados: 0,5 pts.